# ACTA DA MESA DE CONTRATACIÓN

| | |
|---|---|
| **Proxecto** | *Reparación asfáltica viales en la parroquia de San Pedro de Cícere* |
| **Plano** | Plano provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal, Plan Único de concellos 2019 (POS+2019) |
| **Código obra** | 19.2100.0066.0 |
| **Orzamento** | 37242,9 € (21 % IVE incluído) |
| **Licitación (PLCSP)** | 2019/C003/00006 |
| **Procedemento** | aberto simplificado, con pluralidade de criterios de adxudicación con aplicación de xuízos de valor e criterios de apreciación automática |
| **Tramitación** | ordinaria |

**Lugar**: sala de xuntanzas da alcaldía

**Sesión núm.**: 3

**Tipo de sesión**: ordinaria

**Data**: 30 de decembro de 2019 (venres)

**Hora de comezo**: 13:13 h

**Hora de remate**: 14:05 h

ASISTENTES

- David Barbeira García, alcalde, presidente
- Ana Beatriz Oveja Villafañe, secretaria xeral en acumulación de funcións da Corporación (PR da DXAL do 02/08/2019), vogal primeiro
- Francisco Javier Ulloa Arias, interventor en acumulación de funcións da Corporación (PR da DXAL do 20/12/2019), vogal segundo
- Evaristo Lois Rama, funcionario municipal -adxunto a secretaría-, como secretario da mesa, con voz e sen voto

A secretaria xeral en acumulación de funcións e o interventor municipal en acumulación de funcións asisten e exercitan o dereito de voto por medios telemáticos, respectivamente.

ORDE DO DÍA

1 Aprobación acta sesión anterior, a núm. 2
2 Estudo da xustificación e do informe técnico referente a oferta anormalmente baixa
3 Proposta de adxudicación, se procede
4 Rolda de intervencións

Foi aberta a sesión, non pública, seguindo a orde do día da convocatoria, na que se delibera e acorda sobre os asuntos indicados enriba.

DEBATE E ACORDOS

**1 Aprobación acta sesión anterior, a núm. 2**

Apróbase a acta da sesión anterior, a núm. 2 correspondente ao 22/11/2019, de carácter ordinario.

**2 Estudo da xustificación e do informe técnico referente a oferta anormalmente baixa**

A mesa de contratación, en sesión ordinaria do 22/11/2019, considerou, en principio, como anormalmente baixa a proposición do licitador *Agra Castro, SL.*

Logo de ver a cláusula 15.4.1 do prego de cláusulas administrativas particulares que rexe a licitación, (PCAP), que establece que cando o órgano de contratación *presuma fundadamente que a proposición non poida ser cumprida como consecuencia de ofertas anormalmente baixas, (art. 149 LCSP), notificará esta circunstancia aos licitadores supostamente comprendidas nela, para que dentro do prazo de cinco días hábiles xustifiquen as ofertas, acompañando a documentación á que se refire o apartado 15.4.4 desta cláusula*.
A xustificación realizada polos licitadores remitirase a informe dos servizos técnicos co fin de que emitan o correspondente informe.

Logo de ver a cláusula 149.4 da LCSP que establece que *a mesa de contratación, ou na súa falta, o órgano de contratación identifique unha ou varias ofertas incursas en presunción de anormalidade, deberá requirir o licitador ou licitadores, que as presentasen e darlles prazo suficiente para que xustifiquen e desagreguen, razoada e detalladamente, ou baixo nivel dos prezos, os dos custos, ou calquera outro parámetro con base no cal se definiu a anormalidade da oferta, mediante a presentación daquela información e documentos que resulten pertinentes para estes efectos.*

O 24/11/2019, mediante a comunicación que establece a Plataforma de Contratación do Sector Público, (PLCASP), foi notificada esta circunstancia ao licitador supostamente comprendida nela para que dentro do prazo de cinco días hábiles xustificasen as ofertas.

O licitador presenta a xustificación da oferta anormalmente baixa no tempo e na forma (data: 27/11/2109, Código seguro de verificación: A0QGC_KMJ27_GIRLI_64558).

A xustificación das ofertas anormalmente baixas realizadas polo licitador *Agra Castro, SL,* foi achegada ao técnico externo designado pola alcaldía para que emita o correspondente informe

(cláusula 15.4.1 do PCAP).

O 27/12/2019, o técnico externo designado pola alcaldía, Jesús Manuel Puga Mallo, informa:

**Jesus Manuel Mallo Puga**
Ingeniero Técnico Industrial
Col. 1.178 del COETICOR

**Jesús Manuel Mallo Puga**, Enxeñeiro Técnico Industrial adscrito ó Colexio Oficial de Enxeñeiros Técnicos Industrais de A Coruña co número de colexiado 1.178, con documento nacional de identidade número 52.433.319-N, comparezco e **DIGO:**

Fun requerido polo Concello de SANTA COMBA para realizar un informe sobre a valoración das ofertas anormalmente baixas que se presentaron:

Datos:

***"REPARACIÓN DE VIALES PARROQUIA SAN PEDRO DE CICERE (POS+2019 DA DIPUTACIÓN A CORUÑA)".***

## INFORME

**Empresa: Agra Castro, S.L.**

Presenta toda a documentación requerida no PCAP ("15.4 ofertas anormalmente baixas" e "15.4.4 Documentación que se ha achegar para xustificar a oferta con valores anormalmente baixos"), pero con xustificacións que non se adaptan á obra en cuestión.

**Conclusións.**

A xustificación que presenta esta empresa **non pode ser tomada en consideración** para a xustificación da baixa temeraria.

Este é o meu leal saber e entender, o mismo tempo quero poñer en coñecemento que efectuei o informe encomendado coa maior obxetividade posible.

O abaixo firmante é coñecedor do código penal e en concreto dos artígos 458 e 459.

A Coruña, 27/12/2019.
Fdo. **JESUS M. MALLO PUGA**

MALLO PUGA JESUS MANUEL - 52433319N
Firmado digitalmente por MALLO PUGA JESUS MANUEL - 52433319N
Fecha: 2019.12.27 13:20:47 +01'00'

**Enxeñeiro Técnico Industrial**
Col. 1.178 del C.O.E.T.I.COR.

A mesa de contratación, por unanimidade, ACORDOU:

1 Tomar coñecemento e avaliar o informe indicado arriba que asina electronicamente o técnico externo designado pola alcaldía referente á xustificación da ofertas anormalmente baixa que presenta *Agra Castro, SL,* que comproba que a oferta é anormalmente baixa e motiva os extremos nos que considera que non é viable.

2 Considerar oferta anormalmente baixa a realizada polo licitador *Agra Castro, SL* por non cumprir os requirimentos do prego.

3 Rexeitar a oferta que realiza a empresa *Agra Castro, SL* que se motiva no informe do técnico externo designado pola alcaldía e non cumprir os requirimentos e os requisitos do prego.

4 Que, o responsable do departamento de Contratación, Evaristo Lois Rama, emita informe sobre a valoración total das ofertas, (1ª e 2ª fase de valoración das ofertas).

**3 Proposta de adxudicación, se procede**

Logo de ver o informe que realiza o técnico externo designado pola alcaldía referente á valoración dos criterios non avaliables mediante fórmulas, 1ª fase de valoración das ofertas, (xuízo de valor), (cláusula 15.1 do PCAP), que é avaliado pola mesa de contratación na sesión ordinaria do 15/03/2019.

Logo de ver as ofertas económicas e demais criterios avaliables de forma automática, 2º fase de valoración das ofertas, (cláusula 15.1 do PCAP).

Logo de ver o informe que realiza o técnico externo designado pola alcaldía referente a xustificación da oferta anormalmente baixa que presenta o licitador *AGRA CASTRO, SL.*
Comproba o técnico que a oferta é anormalmente baixa e motiva os extremos nos que considera que non é viable.

Logo de ver o informe que realiza o responsable do departamento de Contratación, Evaristo Lois Rama, referente á valoración total das ofertas, (1ª e 2ª fase de valoración das ofertas.

CONCELLO DE SANTA COMBA (A Coruña)

**INFORME SOBRE CRITERIOS DE VALORACIÓN: REFERENCIAS TÉCNICAS (XUÍZOS DE VALOR) E CRITERIOS DE APRECIACIÓN AUTOMÁTICA.**

**Obra:** ***Reparación asfáltica viales en la parroquia de San Pedro de Cicere***
**Plano:** ***POS+2019***
**Expediente:** 19.2100.0066.0
PLCASP: 2019/C003/00006. Data: 20/09/2019
**Importe**: 37242,9 €

**Procedemento**: aberto simplificado (con pluralidade de criterios de adxudicación con aplicación de xuízos de valor e criterios de apreciación automática)

Solicitante: a mesa de contratación

FEITOS

1. Logo de ver o expediente que se tramita para contratar a obra indicada arriba.
2. Logo de ver o informe técnico referente ao xuízo de valor.
3. Logo de ver a oferta económica e criterios de apreciación automática que presentan os licitadores.

CONSIDERACIÓNS LEGAIS E TÉCNICAS

1. O prego tipo de cláusulas administrativas particulares que haberán de rexer para a contratación mediante procedemento aberto simplificado (con pluralidade de criterios de adxudicación con aplicación de xuízos de valor e criterios de apreciación automática) das obras comprendidas en planos provinciais da Deputación provincial da Coruña, aprobado polo Pleno da Corporación Provincial en sesión do 25/05/2018 (BOP núm. 101 do 30/05/2019).
2. Os criterios de valoración avaliables segundo o prego de cláusulas administrativas particulares que rexe a licitación.
3. O proxecto está incluído no POS+2019 aprobado polo órgano competente.
4. A nova fórmula para empregar nas licitacións que usen os novos pregos tipo da deputación adoptados á Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014 (BOE núm. 272 do 09/11/2017).
5. Logo de ver o acordo da mesa de contratación para que se emita informe polo responsable do departamento de Contratación antes da proposta de adxudicación.

CONCELLO DE SANTA COMBA (A Coruña)

**INFORME**

1 As empresas admitidas son:

| Licitador |
|---|
| *Eulogio Viñal* |
| *Agra Castro* |
| *Excavaciones Pose, SL* |
| *Mantido, SL* |
| *Yoni Tuñas, SL* |

2 As puntuacións especificas para este contrato:

- Valoración técnica : 25 puntos
- Oferta económica : 5 puntos
- Plano de igualdade : 10 puntos
- Incremento do prazo garantía : 60 puntos

3 A puntuación da valoración técnica e a proposta das empresas licitadores é:

| Empresa | Valoración técnica | Oferta económica (IVE engadido) | Plano Igualdade | Incremento prazo garantía |
|---|---|---|---|---|
| *Eulogio Viñal* | 14,00 | 35.380,75 | Si | 1+4 |
| *Agra Castro* | 18,00 | 31.750,00 | Si | 1+4 |
| *Excavaciones Pose, SL* | 15,99 | 33.275,00 | Si | 1+4 |
| *Mantido, SL* | 22,81 | 35.790,43 | Si | 1+4 |
| *Yoni Tuñas, SL* | 15,50 | 36.311,82 | Si | 1+4 |

4 As empresas fan constar que nesta licitación non concorren con empresas vinculadas.

5 De acordo co anterior, logo de introducir algúns datos no programa de valoración da Deputación provincial da Coruña, a puntuación dos criterios de valoración é:

CONCELLO DE SANTA COMBA (A Coruña)

# Programa de valoración de ofertas económicas en contratos e concursos

Fórmula [ PDF ]

O Programa de Valoración de Ofertas Económicas en Contratos e Concursos permite determinar, se así se desexa, as puntuacións obtidas no caso de reducir o prazo de execución da obra, asignar as valoracións técnicas outorgadas pola comisión correspondente e calcular as puntuacións das ofertas presentadas en función das súas baixas porcentuais respecto do seu prezo de licitación, detectando, no seu caso, as baixas temerarias (incluindo a opción de utilizar a modificación extraordinaria aprobada no apartado 5 do artigo 85 do RD 1098/2001).

Exemplos: [ Duas empresas | Tres empresas | Tres empresas (Red. Prazo) | Cinco empresas | Dez empresas ]

Paso 1 | Paso 2 | Paso 3 | Paso 4

Táboa de resultados: Valoración Técnica e da Redución de Prazos, Valoración Económica e Valoración Total

**Contrato/concurso:** Reparación asfáltica viales en la parroquia de San Pedro de Cícere
**Prezo de licitación:** 37242,90 €
**Límite oferta temeraria:** 32 230,34 €

| Nº | Nome Empresa | Oferta Económica | Baixa (%) | Puntuación Val. técnica | Puntuación Val. económica | Temeraria | Total |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| 1 | Eulogio Viñal | 35380,75 | 5,00 | 14 | 1,17 | Non | 15,17 |
| 2 | Agra Castro | 31750,00 | 14,75 | 18 | 3,44 | Si | 21,44 |
| 3 | Pose, SL | 33275,00 | 10,65 | 13,5 | 2,49 | Non | 15,99 |
| 4 | Mantido | 35790,43 | 3,90 | 21,9 | 0,91 | Non | 22,81 |
| 5 | Yoni Tuñas, SL | 36311,82 | 2,50 | 15,5 | 0,58 | Non | 16,08 |

6 A oferta económica da empresa *Agra Castro, SL* foi identificada como incursa en presunción de anormalidade (oferta anormalmente baixa).

7 Logo de ver o informe do técnico designado pola alcaldía, avaliado pola mesa de contratación, foi excluída a oferta da empresa *Agra Castro, SL* por non considerala viable.

8 No programa de valoración da Deputación provincial da Coruña non se atopa un apartado específico para os criterios de valoración de incremento do prazo de garantía e do plano de igualdade polo que se realiza manualmente.

De acordo con todo o indicado, a puntuación dos criterios de valoración é:

| Empresa | Puntuación Valoración técnica | Puntuación Oferta económica (IVE engadido) | Puntuación Incremento prazo garantía | Plano de Igualdade | Puntuación total |
|---|---|---|---|---|---|
| *Eulogio Viñal* | 14,00 | 1,17 | 60,00 | 10,00 | 85,17 |
| *Excavaciones Pose, SL* | 15,99 | 2,49 | 60,00 | 10,00 | 88,48 |
| *Mantido, SL* | 22,81 | 0,91 | 60,00 | 10,00 | 93,72 |
| *Yoni Tuñas, SL* | 15,50 | 0,58 | 60,00 | 10,00 | 86,08 |

Páxina 3 de 4

CONCELLO DE SANTA COMBA (A Coruña)

9 A puntuación das empresas que se determina polos criterios de valoración:

| Empresa Licitadora | Puntuación total orde descendente |
|---|---|
| *Mantido, SL* | 93,72 |
| *Excavaciones Pose, SL* | 88,48 |
| *Yoni Tuñas, SL* | 86,08 |
| *Eulogio Viñal* | 85,17 |

10 O licitador que presenta a mellor oferta (relación calidade-prezo):

| | |
|---|---|
| ***Empresa*** | ***Mantido, SL*** |
| ***CIF núm.*** | **B15819642** |
| ***Puntuación*** | ***93,72 puntos*** |
| **Prezo (21 % IVE engadido)** | 35.790,43 € |
| **Prazo de execución segundo o proxecto** | 2 semanas |
| **Prazo garantía** | cinco anos (incremento de catro anos -1 mínimo obrigatorio-) |
| **Economía** | 1.452,47 € |
| **Motivación** | mellor oferta; (relación calidade-prezo) a puntuación máis alta dos criterios de valoración (anexo IV do PCAP) |

**Conclusións:**

Considero que a determinación dos criterios de valoración que rexe esta licitación, agás erro non voluntario, aritmético ou de transcrición, é a indicada arriba.

Santa Comba, 30 de decembro de 2019

O funcionario adxunto a secretaría
como responsable do departamento de Contratación

Evaristo Lois Rama
(Documento que se asina electronicamente)

Páxina 4 de 4

Logo de ver os criterios de adxudicación que establece o PCAP que rexe a licitación.

A mesa de contratación, por unanimidade, ACORDOU:

1 Avaliar o informe que realiza o responsable do departamento de Contratación, Evaristo Lois Rama, referente á valoración total das ofertas, (1ª e 2ª fase de valoración das ofertas).

2 Avaliar e clasificar as proposicións presentadas e admitidas, por orde decrecente, logo de ponderar os criterios que se deben aplicar para efectuar a selección do adxudicatario:

| Empresa Licitadora | Puntuación total orde descendente |
|---|---|
| *Mantido, SL* | **93,72** |
| *Excavaciones Pose, SL* | 88,48 |
| *Yoni Tuñas, SL* | 86,08 |
| *Eulogio Viñal* | 85,17 |

3 Elevar a proposta ao órgano de contratación do contrato da obra a prol da proposta que presenta a mellor oferta, (relación calidade-prezo):

| | |
|---|---|
| ***Empresa*** | ***Mantido, SL*** |
| ***CIF núm.*** | **B15819642** |
| ***Puntuación*** | ***93,72 puntos*** |
| **Prezo (21 % IVE engadido)** | 35.790,43 € |
| **Prazo de execución segundo o proxecto** | 2 semanas |
| **Prazo garantía** | cinco anos (incremento de catro anos -1 mínimo obrigatorio-) |
| **Economía** | 1.452,47 € |
| **Motivación** | mellor oferta, (relación calidade-prezo)<br>a puntuación máis alta dos criterios de valoración (anexo IV do PCAP) |

4 Comprobar no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas ou no Rexistro Xeral de Contratistas da Comunidade Autónoma de Galicia que a empresa está debidamente constituída, o asinante da proposición ten poder bastante para formular a oferta, posúe a solvencia económica, financeira e técnica ou, de ser o caso, a clasificación correspondente e non está incursa en ningunha prohibición para contratar.

O secretario da mesa comunica que comprobou no ROLECE e no RXCCCAA de Galicia que a empresa está debidamente constituída, o asinante da proposición ten poder bastante para formular a oferta, posúe a solvencia económica, financeira e técnica e non está incursa en ningunha prohibición para contratar.

Faise constar que non ROLECE non é posible comprobar se unha empresa se atopa ao corrente nas obrigas tributarias co Estado, coa Seguridade Social e coa Comunidade Autónoma de Galicia, xa que logo non existe apartado que os recolla. Estes datos se comproban no RXCCCAA de Galicia.

Os datos comprobados nos Rexistros de Licitadores e Empresas Clasificadas do Sector Público:

| **Rexistros Oficiais de Licitadores e Empresas Clasificadas do Sector Público** | |
|---|---|
| Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do Sector Público (ROLECE) núm. | B15819642 |
| Rexistro Xeral de Contratistas da Comunidade Autónoma de Galicia (RXCCCAA Galicia) núm. | 853 |

**Obxecto social**

La sociedad tiene por objeto:
a) Consolidación y reparación de terrenos, demoliciones y derribos.
b) Construcción de obras y edificaciones cualesquiera que sea su uso, reparación y conservación de las mismas, trabajos de albañilería, decoración, jardinería y acabados.
c) Construcción, reparación y conservación de caminos, vías, carreteras y cualquier tipo de obra pública o privada o así como cualquier otra actividad de lícito comercio"
Dicho objeto social podrá realizarlo bien directamente, bien mediante la titularidad de acciones o participaciones en otras sociedades "

**Representación e/ou apoderamentos**

Único

| Escritura: | Notaría: | Protocolo: | Data: |
|---|---|---|---|
| Nombramiento administrador (Escritura de Apoderamiento) | Vimianzo - Carmen Susana Mora Ferreiro | 289 | 19/03/2014 |

| Nome: | NIF | D.Caducidade | Observacións: |
|---|---|---|---|
| MARTÍN CASTIÑEIRA PERÉZ | 47371078W | - | - |

**Estado do cumprimento das obrigas tributarias AEAT e ATRIGA, e coa Seguridade Social (art. 71.1.d da LCSP)**

No Rexistro Xeral de Contratistas da Comunidade Autónoma de Galicia non consta a causa de prohibición de contratar tipificada no artigo 71.1.d da LCSP-2017.
No ROLECE, non existen prohibicións vixentes para contratar

**Cumprimento de obrigas tributarias, coa Seguridade Social e coa Comunidade Autónoma de Galicia**

**Cumprimento de obrigas tributarias e coa Seguridade Social**

| | Data emisión | Data validez | Carácter |
|---|---|---|---|
| Certificado de cumprimento coas obrigas tributarias da Comunidade Autónoma de Galicia | 15/10/2019 | 15/04/2020 | Positivo |
| Certificado de cumprimento coas obrigas tributarias do Estado | 30/08/2019 | 01/03/2020 | Positivo |
| Certificado de cumprimento coas obrigas da Seguridade Social | 30/08/2019 | 01/03/2020 | Positivo |

**Alta e xustificación de pagamento do Imposto de Actividades Económicas (IAE)**

**Alta e xustificación de pagamento do Imposto de Actividades Económicas (IAE)**

| Epigrafe | Ámbito | Provincia | Concello | Pagamento/ exención | Exercicio | Observacións |
|---|---|---|---|---|---|---|
| 507.0 | Cota local | A Coruña | Camariñas | Exento art. 82 1.b RDL 2/2004 | 2019 | - |

5 Requirir a empresa que acadou a mellor puntuación mediante comunicación electrónica para que constitúa a garantía definitiva, así como para que achegue o compromiso a que se refire o artigo 75.2 da LCAP; a documentación xustificativa de que dispón efectivamente dos medios que se comprometeu a dedicar ou adscribir á execución do contrato conforme o artigo 76.2 da LCAP.

Ademais deberá presentarse a documentación indicada nos apartados 11,12,13 e 14 da cláusula 16.1 do PCAP; estaren ao día no cumprimento das obrigacións tributarias e da Seguridade Social impostas polas disposicións vixentes e tamén coas obrigas tributarias coa Xunta de Galicia (se non estivesen engadidas no Rexistro Oficial de Contratistas da Xunta de Galicia ou non se atoparen ao corrente).

O plano de Igualdade é esixible neste contrato, polo que a empresa deberá presentar o documento que acredite a aprobación do plano.

Todo iso no prazo de 7 días hábiles contados desde o envío da comunicación.

A proposta de adxudicación non crea dereito ningún en favor do licitador proposto fronte á Administración (artigo 157.6 da LCSP).

**4 Rolda de intervencións**

Non se realiza intervención ninguna.

Sen máis asuntos que tratar, o presidente remata a sesión e eu redacto esta acta como secretario.

O secretario da mesa
Evaristo Lois Rama
(Documento que se asina electronicamente)

O presidente da mesa
David Barbeira García